
PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O NOVO SENTIDO DE CIRCULACIÓN NAS RÚAS DAS HORTAS, CARRETAS E TRINDADE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre a nova ordenación do tráfico rodado na contorna da rúa das Hortas, Carretas e Trindade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Nas últimas semanas a veciñanza residente no ámbito da rúa das Hortas están a recibir comunicacións do Concello nas que se lles indica, literalmente, a necesidade de “renovación do distintivo de acceso á Zona Monumental como residente, pola entrada de SAN CLEMENTE e saída pola rúa HORTAS”.

Alarmadas diante disto que parece unha mudanza de criterio por parte do Concello de Santiago, algunhas delas teñen realizado consulta verbal no departamento de Tráfico, que lles confirmou a futura denegación de acceso a través da rúa de Carretas, co evidente agravio e prexuízo que isto supón ao ser moitas delas usuarias do parking público de Xoán XXIII, ou simplemente porque se complica moito a súa conexión coa zona norte da cidade.

Tendo en conta o anterior, desde o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Vai o Concello reordenar o tráfico no ámbito das rúas das Hortas, Carretas e Trindade, e no caso de ser así, vai impedirse o aceso á veciñanza pola rúa Carretas e cal sería a motivación se isto fose certo?**

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022



Xan Duro Fernández.

Concelleiro de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO